

# O CAN BRANCO

Samuel Fuller, 1981

# 562

**PASES ÚNICOS EN NUMAX:** 17 e 30 de xullo | V.O.S.E. | +13

*White Dog* (1981, 89')

**Dirección:** Samuel Fuller

**Guión:** Curtis Hanson, Samuel Fuller (Novela: Romain Gary)

**Elenco:** Kristy McNichol, Paul Winfield, Burl Ives, Jameson Parker, Lynne Moody, Marshall Thompson, Christa Lang, Paul Bartel, Dick Miller, Samuel Fuller

**Son:** Robert Gravenor

**Dirección de arte:** Sal Sommatino, Duff Miller, Bob Skemp

**Vestuario:** Ellis Cohen, Gail Viola

**Montaxe:** Bernard Gribble

**Música:** Ennio Morricone

**Fotografía:** Bruce Surtees

**Produtora:** Paramount Pictures (Estados Unidos)

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.33:1

**Distribuidora:** Classic Films

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Calle sin retorno*, 1989

*Ladrones en la noche*, 1983

*Uno Rojo: División de choque*, 1980

*Con furia en la sangre*, 1973

*Muerte de un pichón*, 1973

*Arma de dos filos*, 1969

*El odio de los McGuire*, 1967

*Corredor sin retorno*, 1963

*Invasión en Birmania*, 1962

*40 pistolas*, 1957

*La casa de bambú*, 1955

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cahiers du Cinéma 1982

(Top ten do ano)

## SINOPSE

Ao volver da rodaxe dun filme, unha actriz moza atropela un pastor alemán de pelo branco. Inmediatamente lévao a un veterinario para que o cure e coloca anuncios para localizar o seu dono. Como ninguén o reclama, queda con el, pero un día ataca sen motivo a unha muller negra. A moza descobre, aterrorizada, que o can está adestrado para atacar a persoas de pel escura.

«Fuller xoga á confusión cunha metáfora tan diáfana que admite poucas literaturas. O resultado é un thriller de indiscutíbel mordente»

Luis Martínez, EL PAÍS



## O can branco: 37 anos do último Sam Fuller

Por Pedro Paunero

Cúmprense 37 anos do último filme puro -en canto a estilo e poder-, de Samuel Fuller, director que cargaba cunha reputación de novelista barato, de xornalista sensacionalista, de director incendiario, violento, censurado varias veces, honesto consigo mesmo e a súa obra, ousadamente experimental, que de cando en vez emerxía dos baixos fondos da Serie B ou de sotos aínda máis profundos, con obras mestras, ou polo menos filmes notábeis, de profundo interese e de culto entre outros cineastas, rabiosamente persoais (...) todos, títulos que descansan baixo a súa premisa de amor e odio cara aos Estados Unidos: «É unha bendición poder amar ao meu país, aínda cando me provoque úlceras».

Foi así que a Paramount Pictures, ante o triunfo acadado por Fuller, lle outorgou todas as facilidades para facer o que quixese. Fuller leu unha novela, sobre cans adestrados para atacar e matar a persoas negras e púxose ao choio con

tal material de odio e asombrosa furia. O resultado foi *O can branco*, material tan colérico que ninguén quixo ou soubo que facer con el, dando por feito un fracaso estrepitoso. O filme comeza cunha actriz, Julie Sawyer (Kristy McNichol), que atopa un pastor alemán ferido ao atropelalo, de cor branca, en plena estrada. Lévaoo a curar, sálvaoo, vai con el para casa e cóidaoo. O can, aínda que ela, nun principio, tenta devolveo ao seu dono mediante anuncios, vólvese a súa fiel mascota e deféndeaa, mesmo, dun intento de violación. A través da metraje, este fermoso exemplar canino vai gañando as simpatías do espectador que non deixa de preguntarse a quen poderá pertencer. Pero esta é unha cinta de Fuller, así que nada é o que parece a primeira vista. O can comeza a reaccionar de maneira agresiva ante a presenza de xente negra e velaquí que entendemos o equívoco do título da película pois o que Julie atopou é un can branco, non pola cor do animal, senón por ser adestrado como can racista, sempre atento a atacar a calquera individuo afroamericano que se lle atravesese.

Julie leva ao can a un centro dirixido por Carruthers (Burl Ives), adestrador de animais para o cinema, quen a advirte sobre o adestramento do seu can. Keys (Paul Winfield), o seu socio, imponse a obsesiva tarefa de dar marcha atrás na

anómala programación do animal. Os momentos máis emocionantes da película, en canto a suspense e agresividade fulleriana, sucédense nas escenas nas que Keys tenta reprogramar o animal. (...)

Película dunha intelixencia atroz, que elude o fácil alegato anti racista, mal entendida no seu tempo, tachouse precisamente daquilo que terrorificamente sinalaba, fora adaptada por Curtis Hanson sobre a novela do suicida Romain Gary, cuxo final alentador se deixa ver na fita. Gary escribira o libro baseándose en feitos reais nos que, segundo se conta, se puido reprogramar a un can que atacaba persoas de raza branca.

*O can branco* rodouse en 44 días, estreouse primeiro en Francia o 7 de xullo de 1982 e o 12 de novembro nos Estados Unidos, e obrigou aos produtores a agochala, ante as alegacións que se ergueron contra ela e os temores que lles infundiron.

Director total de celosa autoría, grazas á súa independencia dos grandes estudos, foi encomiado e vitoreado e exerceu unha poderosa influencia en grandes directores cuxas obras se manteñen como paradigmas do cinema independente ou de autor.

Publicado en <http://correacamara.com>  
Tradución: Olalla Cociña

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Perro blanco*, Gary Snyder  
Galaxia Gutenberg

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

## ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.  
#eusedenamax

